



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Desafío 2020: Os novos retos da Administración na segunda década do século XXI

CONVOCATORIA: Curso monográfico Desafío 2020

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Réxime xurídico e xestión das entidades locais

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	12
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2017
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	C.MONOGRÁFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 22/03/2017 - 08:00h ao 31/03/2017 - 23:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Nun contorno cambiante cheo de desafíos, a Administración pública e os seus principais valores, o persoal que nela traballa, deben adaptarse á nova realidade social. O obxectivo deste curso monográfico é axudarlles a anticipar eses cambios coa vista posta no ano 2020, que marcará o inicio da segunda década do século XXI, a que moitos coinciden en chamar «a década paradigmática» polo cambio de paradigma que representará. Neste novo contexto de necesaria renovación, as administracións e o seu persoal deberán optimizar a súa solvencia económica, técnica e profesional; mellorar a súa resonancia como elementos identitarios de referencia; incrementar os seus niveis de integración no espazo global a que pertencen; avanzar en transparencia e axustar as súas dimensións; aumentar a eficiencia de todos os seus recursos, en especial a excelencia dos seus valores humanos; expoñerse dunha maneira máis próxima e comprensible á cidadanía, convertendo a comunicación e a oratoria en dúas das súas ferramentas esenciais; tomar conciencia do seu papel social e representalo con motivación, e interactuar con suficiencia no entorno dixital. Solvencia, resonancia, integración, transparencia, eficiencia, excelencia, comunicación, oratoria, motivación e interacción, dez eixes vertebradores esenciais para que a Administración afronte con éxito o reto do ano 2020.

DESTINATARIOS

O curso dirixese aos empregados das administracións públicas de Galicia, preferentemente da Administración local, e ao persoal da Administración institucional e dos entes instrumentais do sector público de Galicia.

PROGRAMA

Neste curso monográfico trataranse, entre outros, os seguintes temas:

- Ser funcionario, ser diferente.
- Funcionario: marca persoal.
- Un concello de Europa.
- Integración e integridade municipal.
- O funcionario excelente.
- A comunicación dun concello.
- O funcionario orador.
- Redes de desenvolvemento local.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Darase preferencia na selección aos empregados da Administración local de Galicia.
A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Agás os empregados que pertencen á Administración autonómica e á Administración de xustiza, todos os solicitantes, unha vez formalizada a súa inscrición, deberán enviar un correo electrónico, dirixido a novas.egap@xunta.gal, achegando a certificación acreditativa da súa condición de empregado público e da Administración e do grupo a que pertencen. Serán excluídas aquelas solicitudes que non xunten a devandita certificación ou que sexa recibida con posterioridade ao último día habilitado para a inscrición, 31 de marzo de 2017.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 04/04/2017 a 05/04/2017

NUM. PRAZAS: 280

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

ENXEÑO GALICIA SL

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

AULA 5: O día 04 de abril de 09:30 a 14:00. O día 04 de abril de 16:00 a 18:30. O día 05 de abril de 09:30 a 14:00.
EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA